



ANUNCIO do 22 de abril de 2019 polo que se emprazan as persoas interesadas sinaladas no anexo para seren notificadas por comparecencia nos expedientes da Renda Básica de Emancipación.

De conformidade co disposto nos artigos 44 e 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, logo de ser intentada sen éxito a notificación persoal a través do servizo de correos, emprázanse as persoas interesadas que se sinalan no anexo para seren notificadas por comparecencia das resolucións de suspensión do dereito á Renda Básica de Emancipación.

A comparecencia para coñecer o contido íntegro da dita resolución deberá efectuarse no prazo de dez días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio, nas oficinas de tramitación da Renda Básica de Emancipación das diferentes oficinas de Xestión do Solo de Galicia- Xestur S.A. que correspondan segundo se relaciona no anexo, en horario de 9.00 ás 14.00 horas, de luns a venres.

A eficacia deste anuncio quedará supeditada á súa publicación no taboleiro de edictos único do *Boletín Oficial do Estado*.

Transcorrido o dito prazo sen efectuarse a comparecencia, a notificación entenderase producida dende o día seguinte ao do vencemento do prazo sinalado para comparecer.

O anuncio remitirase, así mesmo, aos concellos correspondentes ao último enderezo coñecido de cada persoa interesada, en aplicación do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, co obxecto de que procedan á súa publicación por medio dun anuncio no seu taboleiro de edictos.

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2019

O director xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo

Heriberto García Porto





Anexo:

Expediente	DNI/NIE	Dependencias Comparecencia
RBE-03008-08	77461934G	Pontevedra
RBE-05846-08	X7802419Z	Pontevedra
RBE-31759-10	33539871Y	Pontevedra
RBE-33349-10	X7767391S	Pontevedra

*Pontevedra: Rúa Alcalde Hevia nº 7 Baixo, C.P.: 36071 Pontevedra. Teléfono: 986 805 606. Horario atención ao público: Martes e venres de 9.00 a 14.00 horas.